



CONCELLO DE LALÍN  
www.lalin.gal



FEADER:  
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XXV Concurso  
Subasta da  
Raza Frisena

XXXV  
FEIRADEZA

5, 6 e 7\_XULLO\_2019



Os lalinenses coñecen Feiradeza e saben da importancia que este certame ten nun concello cun marcado carácter agrogandeiro como é o noso. Unha feira que pon en alza o alto nivel das explotacións da comarca, que fai que nos sintamos orgullosos dos nosos produtores e que aviva a nosa identidade como pobo.

Un certame ao que volveremos darlle a importancia que se merece como un dos eixos dinamizadores para o noso municipio. Así, neste mandato imos traballar para que Feiradeza se consolide como punto de encontro referente do sector gandeiro e tamén do agrícola, en liña consonante co papel decisivo que estas actividades teñen na economía lalinense.

Preparámonos para acoller a XXXV Feiradeza os próximos días 5, 6 e 7 de xullo para poñer en valor a que é unha das mellores cabanas gandeiras de Galicia e para desfrutar de tres intensas xornadas ao redor dunha mostra representativa dos mellores exemplares vacúns de leite.

Quero felicitar e agradecer o traballo realizado por todas as persoas que fan posible que este certame sexa unha realidade e dun xeito especial a Africor Pontevedra, ás empresas colaboradoras e a Avelino Souto Rozados, que asume a Concellería de Agricultura e Gandería con gran ilusión como gandeiro vocacional e mozo emprendedor no rural que é. Remato convidándovos a gozar de tres días de intensa actividade ao redor de Feiradeza.

José Crespo Iglesias  
Alcalde de Lalín

# CALENDARIO DE ACTIVIDADES

## VENRES DÍA 5 DE XULLO

**10:00 - 19:00 h.** ENTRADA DO GANDO, verificación da documentación e aloxamento no recinto.

## SÁBADO DÍA 6 DE XULLO

**16:00 h.** INAUGURACIÓN DE FEIRADEZA 2019.

**16:15 h.** Inicio do Concurso, Seccións de Xatas e Xovencas.

**18:15 h.** XX Concurso Novos Manexadores.

## DOMINGO DÍA 7 DE XULLO

**10:30 h.** Concurso de vacas de leite e campionatos.

**13:15 h.** XI POXA DE GANDO FRISON.

**14:30 h.** Entrega de premios e sorteos.

**14:30 h.** Clausura e Xantar.

Este concurso será xulgado por:  
D. HENRIQUE MONIZ  
Xuíz Internacional de APCRF